

BASES DA CONVOCATORIA PARA O ANO 2024, DA LIÑA 1 DO PLAN ESTRATÉXICO DE SUBVENCIÓNS DO CONCELLO DE OIMBRA: Acción contra o desemprego mediante axuda ó autoemprego.

1. OBXECTO E CUANTÍA DA SUBVENCIÓN

A financiación durante 12 meses consecutivos, con 60 euros mensuais, das cuotas da seguridade social que se paguen polos traballadores que se dean de alta durante o ano 2024 ou derradeiro trimestre do ano anterior, no Concello de Oimbra, no réxime especial de TRABALLADORES AUTÓNOMOS.

2. FINANCIACIÓN DA SUBVENCIÓN

Será con cargo a fondos propios do Concello de Oimbra, debidamente consignados no orzamento do ano 2024, aprobado definitivamente o 30/01/24, na partida 241.470, Subvencións para o fomento do emprego, dotada inicialmente con 3.000,00 Euros. Se debido ao número de subvencións concedidas durante o ano 2024 este importe non fora suficiente, procederase a modificar debidamente o importe da partida, ata poder facer fronte ao pago de todas aquelas subvencións que foran concedidas por reunilos requisitos necesarios.

3. REQUISITOS PARA PODER PERCIBIR A SUBVENCIÓN

-Estar empadroado e residir efectivamente no Concello de Oímbra no momento de darse de alta no Réxime Especial da Seguridade Social. Este requisito comprobarase de oficio por parte do Concello.

-Darse de alta no ano 2024 ou no derradeiro trimestre do ano anterior, no Réxime Especial de Traballadores Autónomos para unha actividade económica ou agraria que se desempeñe efectivamente no Municipio de Oímbra.

-Non haber estado nunca dado de alta previamente neste réxime, para esa mesma actividade, no Municipio de Oimbra.

(Esta liña de subvencións terá efectos retroactivos, e teranse en conta tódalas altas dende o 01-10-2.023, aínda que a Convocatoria para a solicitude das subvencións saia publicada con posterioridade a esa data).

4. RÉXIME DA SUBVENCIÓN

A subvención será concedida sempre que se reúnan os requisitos para poder acceder a ela, non se establece réxime de concorrencia competitiva.

5. PROCEDEMIENTO PARA A SOLICITUDE E COBRO DA SUBVENCIÓN.

O traballador por conta propia que cumpra cos requisitos especificados anteriormente, formulará a solicitude que figura como Anexo a estas Bases, adxuntando:

- Fotocopia do D.N.I.
- Fotocopia da Alta no Réxime Especial da Seguridade Social como Autónomo.
- Informe da vida laboral.
- Os xustificantes do pago dos tres primeiros meses de cotización á Seguridade Social polo mencionado réxime, a partir da data de Alta.
- Un certificado de conta bancaria a nome do solicitante, en donde poder facer efectivo o ingreso da subvención.
- Declaración responsable e xurada, de que cumpre cos requisitos para poder ser beneficiario dunha subvención, de conformidade co establecido no artigo 10 da Lei 9/2.007, do 13 de Xuño, de subvencións de Galicia.
- Declaración responsable e xurada de que non débedas pendentes ca Axencia Tributaria, nin ca Seguridade Social, nin con ningúnha outra Administración Pública.
- Declaración de outras axudas.

Seguidamente, pola Axente de Emprego e Desenvolvemento Local emitirase un

informe no que se faga constar se a persoa solicitante cumpre cos requisitos para poder cobrar a subvención.

Se este informe é favorable, pola Xunta de goberno do Concello aprobarase conceder a subvención, e procederase ao pago dos 3 primeiros meses.

Para o pago das mensualidades sucesivas, procederase polo interesado a presentar, cada 3 meses, os xustificantes do pago dos seguros sociais, e a Xunta de goberno do Concello acordará o pago trimestral, ata esgotar o prazo dos 12 meses que se conceden para cada alta nova de traballador.

6. PRAZO PARA PODER SOLICITAR A SUBVENCIÓN.

Esta subvención poderá solicitarse durante todo o ano 2024, a partir da data de publicación das presentes Bases no Boletín Oficial da Provincia.

7. NORMATIVA APLICABLE

No previsto nestas bases estará o establecido no Plan Estratéxico de Subvencións do Concello de Oimbra do ano 2024, así como ao establecido na:

Lei estatal 38/2003 do 17 de novembro, Lei Xeral de Subvencións.

Lei galega 9/2.007, do 13 de Xuño de subvencións de Galicia.

ANEXO

SOLICITUDE DE AXUDA AO CONCELLO DE OIMBRA DENTRO DA LIÑA 1 DO SEU PLAN ESTRATÉXICO DE SUBVENCIÓNS PARA O ANO 2024: Acción contra o desemprego mediante axuda ao autoemprego.

D./Dña.....maior de idade, provisto/a do D.N.I. num.....con domicilio a efectos de notificaciones en.....

EXPÓN:

Que é coñecedor/a da Liña 1 do Plan Estratéxico de Subvencións do Concello de Oimbra do ano 2024, así como das Bases da Convocatoria para a presentación da solicitude de subvencións.

Que cumpre os requisitos para poder acceder a esta liña de axudas para fomentar o autoemprego.

Por todo, SOLICITA:

Que lle sexa concedida a axuda prevista na Liña 1, pola cuantía de 60 Euros mensuais, durante 12 meses consecutivos, para sufragar os costes de seguros sociais con motivo da súa Alta no Réxime Especial de Traballadores Autónomos, con data para levar a cabo no Municipio de Oimbra a Actividade de

.....
Para que lle poida ser concedida esta subvención, presenta xunto con este escrito os seguintes documentos:

- .-Fotocopia do D.N.I.
- .-Fotocopia da Alta no Réxime Especial da Seguridade Social como Autónomo.
- .-Informe da vida laboral.
- .-Os xustificantes do pago dos tres primeiros meses de cotización á Seguridade Social polo mencionado réxime, a partir da data de Alta.
- .-Un certificado da conta bancaria a nome do solicitante, en donde poder facer efectivo o ingreso da subvención.
- .-Declaración de outras axudas solicitadas ou concedidas para o mesmo fin.



-Declaración responsable e xurada, de que cumpre cos requisitos para poder ser beneficiario dunha subvención, de conformidade co establecido no artigo 10 de la Lei9/2.007, do 13 de Xuño, de subvencións de Galicia.

-Declaración responsable e xurada de que non débedas pendientes ca Axencia Tributaria, nin ca Seguridade Social, nin con ningunha outra Administración Pública.

-Declaración doutras axudas.

Oimbra, a de de 2024

ASDO:

SRA. ALCALDESA DO CONCELLO DE OIMBRA